

consigue despertala, revólvese, brangue a tralla, crúzalle a cara, sacúdea, insultaa, faina sangrar, dalle a ulir amoniaco... Se con eso despertou, volve á acariñal-a e á estimulala ó traballo. á vida groriosa, á loita... Pro se non desperta aínda, ruxirá o poeta espantosamente, martirizará e será mártir, entrará na casa qu'arde pra sacar no colo ós que dormen e entrará ruxindo, e brasfemando, e abrañado pol-as lapras, chegará siquera hastra o berce dos nenos, saltará con eles pol-a ventá, dará dez pasadas cego, e morrerá... pr'os nenos viven... o mañá está salvado.

Eses milagres non os fai somentes —nin siquera principalmente— o saber, senón o querer. E máis: os sabios frios, que pensan qu'o saber sin corazón sirve pra algo trascendental (cando soilo é fonte de refinados egoísmos) rexuban d'esos homes, e din que se contradixeron, que non foron siloxismos ambulantes, obedentes á unha lóxica académica e sin corazón que nada ten que ver ca vida.

Eso dixeron do gran hespañol (pai de todo o noso renacemento) Xaquín Costa.

Nós temos tamén o noso home. Non é un sabio, é un poeta, un enorme poeta tan grande coma Curros, e ca ventaxa de qu'os seus versos, toman as formas que usan os grandes vates do mundo latino: Guerra Xunqueiro, Rubén, D'Anunzio.

Cabanillas é o cardíaco que ven á remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, á despertarnos do sono mortal. Hémolos poñer por cabeza d'este movemento, que si percisa moito estudo e moito sacrificio, ten as suas raíces no corazón —onde nacen os versos fortes, e altivos, e os pianos e amorosos de Cabanillas que todos manan da mesma fonte—. Estas sacudidas levan sempre diante un vate, un profeta, un rebelde (un tolo din as xentes porque predica ós que dormen) que loitando ca disgracia, ca cólera dos podrosos qu'embisten n'él com'o mar nos baixos, co sono dos medianos qu'o abandonan, e ca probeza d'os probes que non s'atreven, v'í pol-a terra asoballada aturuxando; pra ese poeta, qu'é o noso guía, e pra Villar Ponte (o promovedor que lle sigue n'este movemento) así como pro gran Aurelio Ribalta, e pra Rodrigo Sanz (os nosos mestres i-os nosos Quixotes) acabo pedíndovos devoción i-aprauso.

DISCURSO

DO

DR. PORTEIRO

Ó FUNDARSE A

IRMANDADE DA FALA

EN SANTIAGO NO ANO 1917

=====
(SEGUNDA EDICIÓN)
=====

1932 - NÓS

Publicacións Galegas e Imprenta

meira vez qu'oin cantar n-un teatro «Negra sombra»... foi n-o Real de Madrí á un coro catalán. N-a música, gracias á intervención d'o gramófono, últimamente comenzamos á olvidal-o todo e non samente pol-as señoritas n-os pobos, senón as mozas d'as aldeas que cantan o

Tápame, tápame

e as peteneras segando na herba, c'un xeito de todol-os demos. ¡Qué grandeza, qué maxestá, qué misterio o do noso *a-la-lá* solene, lento, soave, cantado por un coro de mozas e mozos ó anoitecer cando as sombras borran os cortornos!... ¡Ouino moitas veces, cando mozos e mozas volvían do traballo envoltos n-as pirmeiras sombras da noite, e parecíame o *a-la-lá* un cantar sempre novo, un hino que saía da entrana mesma da terra encantada e que o ceo s'aniñaba pra escoital-o no silencio da escuridade i-envolveito n-as sedas de brétema...

Hemos loitar pol-o renacemento da música —qu'é o lingoa-xe da i-alma n-os momentos subrímes— e alentar e axudar á total as masas corales de Galicia pra que traballen por ese renacemento, máis ben con festas populares, que con refinamentos d'academia afogados n-as catro paredes d'un salón.

XI

A CRISIS DA NOSA POESÍA

Un dos resultados máis craros do abandono do idioma galego, é a falla de poetas de nervo, de freba, de alma que n-él escribían. O poeta castelao Díaz Canedo dixom'un día que n'era posíbre desenvolvemento poético en Galicia hoxe, porque a poesía soio frorece n-o idioma que se falou e oíu falar dend'o berce; e dándose en Galicia o caso de qu'as xentes chamadas cultas, prescindisen e desterrasen da casa o galego, non habían estas despóis de moldear en galego as suas espresións poéticas, e si outra cousa fixesen, sería paródia, afeutación, poesía sin sultura, sin aas... Total: no idioma que non se fala dend'o berce —por moi perfeito que sexa— non se formula o sentir i-o pensar poético.

¿Comprendedes agora tod'a probeza da nosa poesía n-os últimos tempos? Ben sei qu'o movemento d'os Precursores produxo grandes figuras, coma Curros e Pondal —deixando aparte á Ro-

salía qu'é unha figura única, xigante, de valor mundial i-eterno.

De todas maneiras, comparade a produción galega dos últimos vinte anos, ca de Cataluña... e por moi patriotas que sexamos (eu creo qu'o pirmeiro deber do patriota é decir a verdá e non enganar ós máis e a sí mesmo pintando realidade que n-eisiste) hemos de desistir da comparanza, porque n'é posíbre a de valores efectivos con outros pouco menos que imaxinarios. Refirome enténdase ben, á nosa produción en galego, e sosteño qu'é proporcional ó que o falamos, quedando cuasi reducida ás cantigas sempre vellas e sempre novas dos mozos das nosas aldeas, ás loitas en verso antr'os mesmos d'arredor da regueifa, e as inxelas d'algún doído emigrante que de pé sobr'a popa

d'un aleve negreiro vapor

como cantóu o poeta, volv'os ollos i-o corazón ó fogar, sinte unha sacudida d' emoción n-a espiña, saltalle no peito o corazón e protesta e brasfema e cai ferido d'amor imenso á terra d'onde a inxusticia o bota... e sinte que lle rozan a testa as aas d'unha anduriña, e cántalle amores e lembranzas pra qu'a leve ó fogar á ond'él quizáis non poida volver...

Esta crisis prodúxose sin ventaxa ningunha pra a poesía de Castela, pois en castelao ningún galego, nado e criado antre nós, poderá culminar xamáis. Soilo chega á cima o xenio con raíces no pobo, que é verbo encarnado da mentalidade da raza. Un xenio galego simbolizando á Castela é imposíbre; i-a Galicia soilo a pode representar no seu verbo: en galego. Esquencer éste é aforcar a posibilidade de que Galicia teña poetas e se conte coma un valor na literatura universal.

XII

RAMÓN CABANILLAS

Dáse o caso nos momentos máis tristes e máis propios pro rexurdimento de que aparez un home superior, enfermo d'hipertrofia do corazón, que sinte n-él todol-os dores da patria, e adoecido vólvese á multitude, e unhas veces chama con ternuras de pai, e chega á axionllarse diant'ela non pra idolatral-a, senón pra pedirle qu'o oia, que volva en sí, que non se deixe morrer no colo imbécil da louvanería... E se con cariño non

1.º Do arancel hespañol que lle sube os precios dos produtos que ten qu'importar.

2.º Do arancel extranxeiro que pón dificultás ós produtos que Galicia esporta, correspondendo en guerra de tarifas, á que declara ós produtos extranxeiros *non certamente en beneficio de Galicia*, o arancel hespañol...

¿Non sabedes qu'as nosas conservas estiveron anos e anos sin conquistar o mercado d'Italia, a pesar de ser as millores do mundo, debido á esa guerra?... ¿Non sabés cántas ventaxas tributarias tiñan sobr'as nosas —en Italia e na mesma Francia— as conservas de Portugal?... ¿Non sabedes qu'Inglaterra, doída d'os aranceles hespañoles, puxo tales cancelas á nosa esportación de bois cebados que cuasi a acabou, dándose a vergonza de que os bois embarcados en porto hespañol, ó chegar aló, os ingresos dábanos por enfermos e devolvíanos, e se s'embarcaban no Porto ou en Lisboa eran bós?...

Todas estas cousas merescen estudo serio e detallado, e deben ser motivo de cavilar pr'os fillos de Galicia, do seu verbo, do seu espírito, do seu corazón...

IX

O DIREITO, XUECES E NOTARIOS

O noso Dereito está en gran parte por estudar. Ben é certo que agora comézanse á intresar os estudosos pol-as costumes, pro salvando algún qu'outro traballo (cursos de Rodrigo Sanz e Martínez Sueiro) hai n-os outros ou moita verba sin xugo, ou moita curialada sin pensamento, sin ideal. Hai qu'estudiar ben a nosa vida, as nosas miserias i-o noso carácter antes de meterse pol-as pozas á dar leis pra Galicia.

Pro, a máis d'eso, temos (en razón direita co idioma) o problema da administración de Xusticia. Non me refiro agora á él máis que n-un aspecto. ¿Vosoutros asistíchedes á algún xuício oral?... Ó declarar os testigos veríades como era ausolutamente imposible unha intelixencia antr'os preguntantes i-eles. Este feito amostra duas inxusticias:

1.ª Inxusticia que resulta d'eisixir qu'entenda o castelao e

conteste n-él un suxeto á quen o Estado non facilitou escola pra que deprendese.

2.ª Inxusticia de non eisixir o Estado ós seus funcionarios (xueces, notarios, etc.), que conozan o verbo en qu'a de formular o seu pensamento, a sua voluntá ó pobo ond'eses empreados exerzan os seus cargos.

E non val decir que a tradución amaña o choio, porque aparte de qu'os Maxistrados en xeneral son tan finchados e presuntosos que non lles cabe n-a canteira qu'un home á quen eles non entenden, non os entenda á eles, a tradución literal non serve pra espresar con xusteza o pensamento e a vontade.

Irmáns d'a fala: qu'os nosos xueces e notarios, seipan o galego, é o menos que podemos pedir, si han de ser garantía de xusticia e de fidelidade.

X

O ARTE. A MÚSICA GALEGA

O mesmo sucede cos nosos problemas n-a ciencia e n-o arte. Canto fixeron os nosos vellos está esquencido; do padre Feijóo e d'outros moitos xa cuasi nada sabemos; de Conceición Arenal e de Rosalia logo no nos quedará máis —á iste paso— qu'os nomes i-as estautas; a produción sobre dos foros (por exemplo) está enterrada de todo, hastr'o punto de que soio n-unha ou duas bibliotecas s'atopan as fontes antigas qu'é necesario lér ben pra encarrilar o problema n-a hestoria do mundo, na evolución da propiedade e resolvelo xustamente.

En fin, pra qué cansarvos s'estou facendo indicacións nada máis, vós ca vosa cultura ben sabedes á que extremos chegamos n-este orde.

E o mesmo pasa n-o arte. ¿N'é verdade qu'eiquí, en Santiago mesmo, hastra que viñeron Murguía e López Ferreiro, e despóis un que n-é galego, Lampérez, tivemos enterrado, feito unha escombreira, un pazo dos máis groriosos do sigro XII, quizáis o máis importante d'Europa?... O Pórtico da Gloria consérvase ben porqué está ond'está, senón ¿qué sabemos o qué d'él fora?...

¿E qué decir do menosprecio feito da nosa música? A pir-

VI

CUESTIÓS INTERIORES. SÍNTESIS

Todol-os problemas d'orde exterior envolven en sí centos de problemas interiores. Parecerá raro, pro é certo; cando un pobo está chamado pol-a marcha da cultura do mundo á ocupar unha posición ventaxosa, é cando percisa maor patriotismo, máis alto e nobre conceuto de sí, maor vontade pra cumprir o papel á que o chama a Hestoria, Si un punto do planeta adquire importancia xeográfica efecto da marcha da civilización, *ou se dá conta e cumpre como debe, ou é conquistado por unha potencia forte e conscente d'esa finalidá*; os intereses xenerales da cultura (qu'están por riba dos privativos de cada nación non poden escurecerse co-a desculpa de que o punto onde estaban chamados á xunta, perteneza á un pobo salvaxe e sea o seu cazadoiro, ou estea en mans d'unha raza deixada, louvana, indifrente á marcha do mundo... ¿Comprendedes por qué perdemos Xibraltar, e por qué perderíamos Vigo, se non nos déramos conta da súa importante, dificultosa e honrosa misión?...

VII

O CAPITAL GALEGO

Temos —como resultado d'esa misión mundial— un problema gravísimo: o dos camiños de ferro, Hai que facer saídas á esta gran vía marítima. Necesitamos urxentemente ferrocarriles d'Ourense á Zamora; de Ferrol á Xixón, de Santiago á Ourense... ¿E quen nos dará os cartos?... Pra estas e pra outras moitas obras debíamol-os ter nós; son moitos os millós que fan falla; pro tamén foron e son moitos os ganados pol-os fillos de Galicia... ¿Onde están?... Hai xentes que crén qu'o patriotismo é un caravel que frorece nos beizos e n-eles morre, sin fixarse en qu'é preciso tel-o coma luz no cerebro e coma fogo n-o peito, e facel-o efetivo cos brazos e co peto.

Ouiríades moitas veces falar do antipatriotismo da clás traballadora; ¿pro hai nada máis antipatriótico qu'o capital? ¿Hai nada á quen se chame con tanto intrés en momentos críticos com'os cartos? E ben: ¿qué fixeron a maoría dos nosos homes de cartos, ou os banqueiros qu'os dirixen?... Poñer os seus aforros en valores extranxeiros —algúns fantásticos— resultando qu'o galego que tivo que sair da patria pra ofercer o seu talento e a sua freba á empresas d'outras terras, acaba por mandarll'os seus aforros tamén. Os capitales galegos fan camiños de ferro en Venezuela e n-a Arxentina, e aquí non temos cartos pr'os nosos e sometémonos ós extranxeiros mediatizando ó país, apolillando a súa liberdade. Hai que pensar seriamente n-eso. Banqueiros, homes de negocios, poñed'a man no corazón, facede memoria e concencia e decide: ¿ónde van os cartos dos galegos? ¿ónde está o voso patriotismo?... ¿é verdá qu'os mandastes cobizosos d'unha probe comisión á outras terras cando eran tan percisos ó noso desenvolvemento aquí? ¿É verdá tamén que moitos foron... e nunca volverán?...

Vede como as cuestións se engrillan e como d'unhas n-outras, chegamos ás económicas, sociais e políticas decontado. Por iso o noso movemento non pode ser unha pasionaria d'invernadeiro posta sobr'a laxe que nos crube; pretende ser un comenzo da resurreición galaica en todol-os ordes, unha forza que crebe as lousas i-as cadeas, que sacuda ós homes, os esparte i-os poña en pé garridos e dispostos á loitar.

VIII

A INDUSTRIA E O TRABALLO

Se vades facendo esa lús na concencia de que vos faléi, verés cómo a nosa industria está afogada pol-o arancel protector d'outras rexións. Galicia é quizáis a úneca parte d'Hespaña libre cambista pol-o de hoxe: as producións qu'esporta —gando, sardiñas en conserva, etc.— non percisan o auxilio do arancel pra conquistar o mercado interior, cando son capaces de impoñerse no extranxeiro... a pesar dos seus aranceles proteccionistas. Así Galicia, sin comel-o nin bebel-o é vítima por duplicado:

zo da Edade Moderna, ô facerse atlántica a civilización, Sevilla e Lisboa foron sedes d'ela en Iberia... hoxe Andalucía renasce forte e groriosa. E ben, meus amigos: cando vos presentan un andalús, aínda dos máis cultos, á vós que cultos soades ¿qué esperades d'él antes que nada, ou quizáis soamente?... Un chiste.

Pois con nosoutros pasa o mesmo n-orden á nosa mala fada. Aínda máis: Andalucía ten millores camiños pr'o resto d'Hespaña que nós. Batida por dous mares —os mares da cultura— con liñas férreas pr'o centro, non digamos rápidas, pro si máis qu'as nosas, o intercambio é maor... E si en Madri se desconoce a alma andaluza —con Sevilla á quince horas— e a levantina —con Valencia á trece— e a aragonesa —con Zaragoza á oito— ¿cómo querés que seipan de nós, con Santiago á 29 horas, dándoll-a espalda á Castela e c-a ollada e a vida e o porvir máis alá das olas?...

Aínda máis. ¿Conocémonos ben nosoutros mesmos? ¿Está feita e valorada a nosa hestoria? ¿Os nosos problemas económicos e xurídicos? ¿Non sabedes que estamos vivindo de contos d'aquí á pouco?... ¿Non ouistes cen veces chamar cantas hai á Prisciliano, e poñel-o por modelo de corrución?... Pois non hai moito que apareceron obras suas, e resulta unha das máis xigantescas figuras que pareu a humanidade, antre os fundadores e reformadores de relixións. Coma ista, moitas. E si nós non temos un xuício, un estudo exaíto de nosoutros mesmos, da nosa vida rexional, ¿qué querés que teñan os máis?...

A nosa misión será estudiarnos, e cando seriamente preparados, mostremol-as concursiós, estade seguros de qu'as xuventudes de toda Hespaña que traballa e loita poranse ô noso lado. ¿Non vedes o qu'está facendo Rodrigo Sanz en Madri... O Seminario de «Estudos Galegos», qu'él dirixe, nacéu unha noite en qu'o mestre dóu n-a «Casa de Galicia» unha conferencia, notablísima coma súa (sin percalina nin parrafadas valdeiras e enganosas) sobr'o problema dos cereales. Alí llo propuñemos Ríos, Aydillo, outros i-eu. E ben vedes con qué gusto, con qué cariño os oen n-o Ateneo.

Estudemos os nosos problemas: á eso nos obriga o amor á terra: e despóis veredes como nos atende tod'a terra grande, tod'a España que pensa e que sinte coma nós e con nosco;

pro que non pode nin debe traballar pra nós e vir aquí á dár-nolo todo, feito, dereito e regalado.

V

A NOSA POSICIÓN N-O MUNDO

A civilización mundial, galgando sobre da mar imensa, aséntase n-a América e vai á ser o seu corazón de forte latexar, o canal de Panamá. Por moitos anos —quizáis por moitos sigros— vivirá esa cultura bebendo n-as fontes perenes da vella Europa, establecéndose un intercambio antr'os mundos novos e os d'antano —económico, centífico e artístico— que dará vida e gloria ás nacións con portos europeos pretos ô curazón da humanidade renacente.

O noso porto de Vigo é o millor situado de tod'o mundo vello e civilizado pra soster esas relacións co-a América. Vigo está chamado á ser o porto cosmopolita máis importante d'Europa por mandado da Xeografía e da Hestoria, A él debe acudir o río da cultura e do poder económico da vella humanidade, pra fundirse ca nova n-as augas do Atlántico. Esta posición de ventaxa continuará hastra que se vaya escurando de todo a cultura d'Europa, e sexa o mar chamado Pacífico, o teatro das novas epopeyas, d'Odiseas, e Lusíadas novas que a humanidade trace n-a sua marcha pra Asia.

Durante esa época da Hestoria que agora emprencipia espréndidamente, o noso porto de Vigo —e co él todol-os galegos, e Galicia inteira— vai á ter un carácter mundial, cosmopolita. Isto, e a nosa vida galego-americana, aconséllanos moito respecto e moito amor ô castelao que, pol-o seu dominio de cuasi toda América do Centro e do Sul, hános prestar un servico altísimo e insustituibre n-esa loita da nosa raza con outras pra a conquista derradeira das terras despoboadas.

Non vai, pois, a «Irmandade da Fala» —enténdase ben— contra o castelao, senon á defender o galego como lingoaxe típico da nosa casta, e como meio de intelixencia con Portugal e a parte da América por él civilizada pra onde vai moita da nosa emigración.

mañán?... ¿Non rixen hoxe as mesmas leis aquí qu'en Cataluña, e alí hai outra vida e outros homes?...

Irmans da fala, enamorados da Galicia: non bodedes á xente de fora culpas que non teñen. Todos axudamos á afundir á Hespaña; n-hai leis que nos favorezan, porque nós nas soupemos facer, nin mandar qu'as fixese quen debía; estando vivo o sentido rexional, as leis reconóceno decontado por ben ou por mal. Ahí tedes a Mancomunidad catalana; ¿qué se fixo eiquí?...

Teñamos concencia do noso pecado. Non fagamos com'os nenos que se disculpan co irmán ausente, pra que non lles peguen. Naide máis que nós ten culpa do que nos pasa; naide máis qu'o noso traballo nos ha salvar. E si non decideme: ¿á quen botámol-a culpa do abandono impiedoso en que deixamos o idioma? ¿Qué xigante nol-o ten encantado?... Pois o mesmo nos sucede con todo.

Non esperemos a salvación dos Diputados, ou da real orde, os Diputados e as ordes do rei, non poden reformar a vida d'un pobo c-unha firma. Somos nós, os culpabres, e os que temos que conquistar a cima e cravar n-ela o pendón da vitoria.

Comencemos por ter concencia do pecado—abandono, encollemento, cuquería; langranería por arroas— qu'é o introito do arrepentimento. Se pensades qu'os culpabres son outros, seguiredes na indifrencia agardando qu'os outros remedien o mal que pensamos que nos fixeron.

IV

AMAR Á HESPAÑA E Á GALICIA

Amamos á Hespaña grande; baixo as suas bandeiras, todol-os hespañoles xuntos conquistamos mundos e gurias, surcámol-os mares imensos, cambiámol o solar da civilización transformándoa de mediterránea en atlántica, levámol-a alma europea ás terras d'América e ós archipélagos d'Ouceanía... fumos xuntos á derrota, e aínda despóis d'ela, cando a bandeira que cobixara as vitorias, arriada tristemente volveu ó vello solar, a emigración galega siguiu mandando sangue hispano á continuar baixo outras bandeiras a obra de conquistar pra a civiliza-

ción latina as terras feraces e desertas dos mundos novos por Hespaña descubertos.

Ben sei qu'algún dirá que fumos despreciados por outras rexións; que n-algúns sitios téñennos por xentes de cativa condición, d'almas acuñadas na servidume...

...Antes de xusgar á tales xentes, decideme qué fixemos nós pra libertarnos de tal fada... Xa sei que comenzaredes á perguntarme: ¿qué fixemos pra que nol-a botasen?... Abandonamos a táboa dos nosos valores, presciadimos do noso pol-o alleo, e esto sin door, sin que nos sangrase o corazón, sin experimentar o desgarramento de Rosalía cando lle decía adiós ás fontes, ás veigas, ós cipreses do cimiterio, ás anduriñas d'o balcón cantando tristísimamente:

deixo, en fin, canto ben quero...

¡Quién poidera n'o deixar!...

E o mundo, non respeta á quen non comenza por se respetar á sí mesmo e os seus... Ben vedes o que fixemos do idioma—verbo da raza—; pra moitos chegóu á ser cousa despreciabre, vergoñosa, repunante... Aínda máis: hai quen pasa en Madrí tres meses e ven falando andalús.

Ademáis do propio menosprecio, contribuía á nosa mala fada o desconocimento noso pol-os máis, e o desconocimento dos máis, por nós... É un postulado da xuventú hespañola que vai ó frente do renacemento, procurar que nos conozamos uns á outros.

Os galegos queixámonos de que nos botasen fama de mozo de corda e de polizontes; pero en Madrí—n-ese Madrí á quen eu tanto quero e onde tanto deseio hai (antr'a xente de valer) de qu'os de cada rexión estudiémol-os nosos probremas, e os resolvamos seriamente— oín á moitos andaluces queixarse da idea que d'eles temos todos. Pra a xeneralidade dos hespañoles, un andalús é un toureiro, un paiaso, un vago, unha bailarina... E nada máis falso: o andalús, no seu fondo, é malencónico e triste; en Andalucía trabállase hoxe en todol-os ramos notablemente; a vida artística d'Andalucía é quizáis a máis importante d'Hespaña; alí froleceu a civilización romana, alí froleceu n-a Edade Media aquela xigantesca cultura árabe que fixo estonces d'Hespaña o centro do saber mundial; n-o comen-

foi elexido pra cumpril-o. Aquí me tedes, pesaroso e triste por non corresponder á intensidade do momento; ledo e venturoso, xa que por moi mal que me salla, sempre me alumearía o lóstrego do ideal que nos xunta hoxe, e que dend'antano la-texa no noso corazón.

Escribo en galego, i escribo mal. ¡Qué queredes!... Nunca hastra hoxe escribín. Xamáis mo ensiñaron nin eu me coidéi do adeprender! E agora, preguntovos: si poido escribir —mal, todo o mal que vós queirades— no idioma que non aprendín nas escolas, nos epitomes, nin nos dicioarios ¿n-é verdade qu-isa língoa debe ter raíces moi fondas no meu peito, na i-alma da miña raza cando non-a enterraron pra sempre os abandonos alleos e os propios? ¿N-é verdade qu-ese idioma é unha realidá forte e latexante que nós temos esquencida, pro que vive no noso esprito e que ten qu-esnaquiñar a lousa qu'o cobre, sempre que fagamos examen de conciencia e nos dispoñamos á recon-tar e cribar os valores que forman o edificio da cultura, e as esperanzas da raza?...

Á redimir iste idioma do aldraxe que d-él fan, non os alleos, que non sinten nin pensan n-él e non teñen por qué estimalo (bastáralles si acaso gardarlle os respetos debidos), sinón os pro-prios, quizáis nosoutros mesmos, encamiñase a «Irmandade da Fala»; e coma o idioma é sempre verbo d'un mundo de pen-samentos e sentimentos, difrente dos outros no seu molde pol-o menos, a chamada pra defensa do idioma esquencido, é, pri-meiramente, un requirimento de examen de conciencia rexional.

II

O RENACIMIENTO HISPANO, E A GUERRA

Xa o dixen en varias ocasións, e coma mín —antes uns, dimpóis outros— moitos máis o dixerón: Hespaña toda, dend'os Pirineos á Cádiz, renasce. A catástrofe do 98, ó derribal-a do trono secular, espertouna. Non con tanta presa coma Alema-nia dimpóis de Xena, ou Francia dimpóis de Sedán; mais ben pouco á pouco, pero de modo firme —apesares de total-as machadas dos Gobernos— Hespaña érguese, e si as campáns non repinican á groria, tampouco dobran á morto: tocan á alba.

A guerra —ista fera sacudida do mundo inteiro— obriganos á apural-o paso, á bulir, e total-as rexións, virando as costas á Gobernos sin goberno, e á Parlamentos podres, ocúpanse no estudo, na defensa, na loita pol-a vida tanto d'hoxe coma de mañán— o mañán brandido e ledo co que todos soñamos.

¿E nosoutros qué vimos facendo? ¿Qué hemos facer?...

III

A CONCENCIA DO NOSO PECADO

O primeiro, é ser xustos: non botar á outros a culpa dos nosos pecados. Teñen d'abondo cos seus.

N-hai xentes máis despreciabres qu'esas que nin siquera teñen valentía pra responder dos seus propios autos. Nada tan probe, nin tan inútil com'un d'esos mocetes que pecan non por que lle lo pida o corpo e a i-alma abrasados pol-o fogo das humanas pasións, senón por que lles manda un (1) gran disculpa pr'os pecados do fillo e dín: «É un santo é un bocado de pan; faise dél o que se quer; dominárono as compañías»... Este san-to non é da miña devoción. Na loita da vida morderá a terra. Non nos sirve. Queremos o mozo que diga: «Sí, pequei por-que quixen; non fun xoguete de ninguén; a miña vontade apasionada foi a estrela —bóa ou mala— que me guiou»... Este rapaz, poderá un día encamiñarse pol-as vías do arrepentimen-to; pode reitificar; é un carácter; máis craro: é un home... O outro, é un farrapo —que chegará á santo s'o meten baixo un fanal; pero que non sirve pra a vida.

O mesmo lles pasa ás rexións... ¿Qu'é eso de botarlle á outras a culpa dos nosos males? ¿Qué fixemos nós pr'os reme-diar? ¿Vivimos acaso ó marxen do resto da nación, sin ter cul-pa do fracaso de todos?... ¿A catástrofe do 98, o parlamenta-rismo, o caciquismo, o centralismo son alleos á Galicia e ós galegos? ¿Non gobernaron galegos á nación, e fixeron leis cen-tralistas e contrarias ós nosos intereses, á nosa hestoria, ó noso

(1) Se non ve craro o senso. Eisi está na primeira edición, (*Irmandade da Fala - Cuader-nos de Propaganda*. Barcelona, 1917) páx. 5. Sen dúbida falta unha ringleira no lugar da cha-mada, que na primeira ed. remata a liña.

DISCURSO DO Dr. PORTEIRO

Ó FUNDARSE A IRMANDADE EN SANTIAGO

O grupo local do Partido Galeguista, pra conmemorar o día de hoxe, festa lanzal da Patria Galega, reproduz o texto do discurso pronunciado por Lois Porteiro Garea, ó tomar posesión do cárrago de Conselleiro da Irmandade da Fala de Santiago, no tempo da súa fundación, ano de 1917.

O discurso de Porteiro carece hoxe, en parte, de aitalidade. Ademais está concebido nun espírito i espresado nun tono superados ó presente pol-o galeguismo, que ten percorrido un longo vieiro dende o ano en que foron ditas as verbas que hoxe reimprimos. Non poucas das nosas posturas hodiernas reitifican as adoutadas pol-as Irmandades da Fala nos tempos iniciás do movemento redentor.

Endebén, damos ó público estas páxinas. Queremos eisi, por unha parte, render unha homaxe de garimo e de fe á lembranza de un dos nosos mortos máis esgrevios e máis amados; e, ó mesmo tempo, continuando a obra da Irmandade Compostelã, divulgar unhas verbas que, malia as salvedades devanditas, teñen sempre o Intrés que nunca falla, é verbo dos que fixeron da súa parabra columna de fogo guiadora dos pobos opresos á través do deserto do seu despertar.

Santiago Día de Galicia do 1932

I

FALAR I ESCRIBIR EN GALEGO, COMA SEIPAMOS

Non era eu o chamado, por propios merecimentos, á presidir esta primeira xunta da «Irmandade da Fala». Ben sabe des que non-o digo por homildade. Tivo a culpa Villar Ponte, que me nomeóu pra esto na *Voz de Galicia* e algúns dos presentes que foron en busca miña á relembarme qu'ó deber non pode ser esquencido nin disimulado pol-a falla de valía de quen